

Facer nosas as cantigas medievais

14 de xullo de 2026 Santiago. Xermán Hermida

<https://culturagalega.gal/noticia.php?id=39166>

Por vez primeira, as cantigas profanas da lírica galega medieval contan cunha edición galega. O proxecto *Universo Cantigas* desenvolve, desde Universidade da Coruña, a publicación íntegra deste corpus a achegar unha perspectiva propia sobre o seu significado e vocabulario e enriquecer o coñecemento sobre este alicerce das nosas letras.

Segundo explica Manuel Ferreiro, catedrático que coordina o proxecto, este "comezou en 2010 coa elaboración dun glosario exhaustivo que ao longo de seis anos obrigou a revisar moitos textos, manuscritos e edicións previas" con vistas a contar cun rexistro sistemático das palabras empregadas nestas composicións e os seus significados. Neste proceso comprobouse como existían moitos erros de transcripción e interpretación nas edicións existentes deste material, todas elas desenvolvidas fóra do noso país. "Ao acabalo vimos como inevitable abordar a edición crítica e repousada das nosas cantigas. Había a necesidade de lermos e interpretarmos eses textos desde Galicia", asegura. Para este investigador, este conxunto "é a nosa primeira obra literaria, case se pode considerar como fundacional da nosa literatura, e ata o momento fora traballada sobre todo por investigadores italianos e portugueses. A nivel internacional Galicia é coñecida por Santiago e polas cantigas, cando menos en ámbitos culturais. En Italia continúan a traballar sobre elas, fanse teses e edicións dos nosos trobadores" explica a incidir no peso internacional destes fondos.

O proxecto

Unha complexa base de datos que permite desenvolver o traballo de anotar e ligar contidos vencellados ás cantigas e, ao tempo, facilitar a súa consulta, presentouse como unha das primeiras tarefas a desenvolver. Esta ferramenta permite a día de hoxe que os contidos do proxecto estean dispoñibles en aberto para a súa consulta vía web. "Pódese clicar cada palabra dos textos e consultala inmediatamente no glosario", explica Ferreiro, ademais de consultar anotacións exhaustivas sobre as diferentes interpretacións e edicións existentes destes textos. Para alén do contido web, un primeiro volume impreso recolleu en 2025 a totalidade das cantigas de amor conservadas desta tradición, e neste 2026 viu a luz un segundo centrado nas de amigo. "Agora estamos embarcados na última fase do proxecto que son as de Escarnio e maldizer, e haberá un último volume dedicado a outros xéneros. No web temos xa unhas 1.500 cantigas do total aproximado de 1.670 que existen e agardamos ter o conxunto da lírica profana medieval completa dispoñible nuns meses" con todas estas funcionalidades.

Entender as cantigas desde a rede

Unha das ferramentas que dispoñibiliza *Universo Cantigas* á hora de divulgar este material é a paráfrase en galego actual que acompaña cada unha das composicións. "Entendemos que nos nosos días podemos ler os textos do século XIII ou XIV e entendelos grosso modo, aínda que ás veces teñen construcións que dificultan a comprensión. Entón contar co acompañamento dunha versión relativamente literal do texto facilita que calquera persoa poida seguir unha cantiga". Na edición en papel, á súa vez, recóllese o texto orixinal, as fontes que se empregaron para fixalo, referencias a anteriores edicións, a versión do texto en galego actual e un código QR "que remite ao web, onde o texto sempre está actualizado, xa que continuamente metemos correccións" a este contido. "Nos últimos anos a novas tecnoloxías están a facilitar o coñecemento sistemático" deste material, recoñece Ferreiro. Nesta mesma liña, outros proxectos como *Redes socioculturais da lírica galego-portuguesa*, o *Glosabio*, *Canticar* ou *Cantigas de Romaría* están a posibilitar análises temáticas do material presente neste corpus literario, comprobando os lugares mencionados nelas ou as relacións entre os seus autores a partir dos textos. "Nestes tempos temos un acceso fácil ao coñecemento, outra cuestión e a xente se interese por el. Pode ter máis gana de saber do Mundial de Fútbol que por ler unha cantiga e ver como un home do século XIII falaba das mesmas cousas que nos preocupan hoxe e recoñecerse no que escribiron os nosos antepasados".

O traballo

Aínda que con sede na Universidade da Coruña (UDC), o proxecto conta con persoal das tres universidades galegas. A Ferreiro súmanse Alexandre Peres, Leticia Eirín, Xosé Manuel Sánchez Rei e Xosé Ramón Freixeiro Mato da UDC, Mariña Albor, da Universidade de Santiago, Bieito Arias Freixedo, da Universidade de Vigo e Miguel García-Fernández do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento. Segundo destaca Ferreiro "é unha iniciativa que ten o impulso ético de pór a dispor do público o que está pagado con cartos públicos. Non queremos ficar nunha filoloxía estéril e pretendemos que este coñecemento se poña a servizo da sociedade, máis cando falamos de algo tan fundamental na nosa identidade e tan singular no contexto europeo como son as cantigas". Advirte, non entanto que "non temos ningunha institución gubernamental por detrás. Contamos cun financiamento moi limitado, en particular fronte a outras iniciativas nas que se teñen investido millóns de euros, e o traballo informático é caro", explica. Precisamente a falta de recursos aparece como explicación de que ata esta década non contemos cunha edición íntegra deste material realizada no noso país. "Ata os anos 80 dificilmente se podería ter abordado un proxecto deste tipo, por falta de instrumentos e de apoio institucional. Na Universidade de Santiago ou no Centro Ramón piñeiro traballouse noutra dirección, tamén fixeron unha base de datos que ten moito mérito, pero non ten moito que ver con este proxecto", explica Ferreiro. "O noso proxecto non fai parte da oficialidade, desde a Universidade da Coruña ocupamos unha posición relativamente marxinal. Somos poucos e con poucos medios pero levamos tempo traballando".

A visión galega das cantigas

"Este *Universo* abre moitas vías. Con sinceridade digo que en moitas ocasións recuperamos o que é o texto verdadeiro das cantigas, non de todas pero si dalgunhas. A interpretación dos manuscritos e a transmisión dificultosa da nosa lírica fai que a edición sexa problemática e delicada. Fixemos un texto que sempre poderá ser mellorado pero que se achega moito ao verdadeiro", explica o coordinador do proxecto. Encol desa transmisión, Ferreiro advirte que "un italiano, un francés ou un español, cando colle o texto dunha cantiga nosa fai arqueoloxía. Para

el é o mesmo pór, por exemplo, 'chegamos' ou 'chegamus' ao interpretar unha abreviatura que poden ser as dúas cousas, pero para nós resulta inconcebible. Cando un portugués ou un galego colle un destes textos é algo vivo para el. Dous dos grandes cancioneiros que nos chegaron estaban en Italia, e foi alí onde se fixo un traballo continuo sobre isto desde o século XVIII". Do mesmo xeito, "hai diferenza entre galego e portugués ao nos enfrontar ás cantigas. Os portugueses están tan condicionados polo seu padrón ortográfico que interpretan que hai cousas que están mal e corrixen un moito por un moito, por exemplo. Na famosa cantiga *Ondas do mar de Vigo* non lemos igual o texto. Un portugués cando ve a palabra home, que aparece abreviado de diferentes maneiras, interpreta que é sempre homem, mentres que nós vemos cando hai que ler home e cando homem". Máis lonxe de nós "hai moito descoñecemento no estranxeiro en xeral da lexicografía histórica galega desde o século XII. Non se lles ocorre ir aos glosarios dialectais galegos onde ás veces atopamos formas que nós mesmos non eramos quen de interpretar. En textos medievais en prosa de notarios ou doutrinarios atopamos formas que se consideraban erros nas cantigas e que na realidade están aí. Nós procuramos ler os textos medievais e recorremos a ferramentas extraordinarias como o Corpus Informatizado Galego-Portugués Antigo", publicado polo Instituto da Lingua galega. "Tentamos manexar todos os datos especializados e facemos un traballo de documentación rigoroso. Mesmo así, podemos trabucarnos e aceptamos todo tipo de observacións e críticas construtivas", recoñece o coordinador do proxecto.

A pegada dos copistas

Canda ás interpretacións de profesionais da investigación "hai que ver tamén os erros dos copistas, que en moitos casos non eran galegos. O cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa, antes coñecido como Colocci-Brancutti foi copiado en Italia por xente de alí que ademais era de formación francesa. Tampouco no da Vaticana o copista era galego. O da Ajuda si se copiou nunha corte peninsular e o Pergameo Vindel tamén, e teñen moitos menos erros, pero a maior parte das cantigas están nos cancioneiros italianos e teñen un lote de incorreccións". Mesmo así, Ferreiro admite que "moitas veces é difícil discriminar se algo é un erro do copista ou se somos nós que non entendemos unha palabra ou unha construción que non se emprega hoxe. Temos tamén que refrear a tendencia a pensar que todo son erros. Os nosos antepasados non escribían coma nós. Os romanos facían toda a liña seguida, sen espazos, e nos textos medievais non segmentan as palabras coma nós, nin hai símbolos de puntuación nin acentos, pero empregan abreviaturas". Como exemplos, apunta que "se eu vexo escrito 'della', pode ser 'dela' ou 'de la'". Do mesmo xeito, "a secuencia 'este' pode ser un propome demostrativo, pero tamén unha forma verbal ou unha contracción de este, esta ou esto con é. En 'atendend'o meu amigo' podemos interpretar que leva artigo ou non, orixinalmente non tiña apóstrofo", explica Ferreiro algunhas destas dúbidas.

Novas palabras

Como caso curioso cita a análise dunha cantiga de escarnio de Alfonso X "que na edición de referencia, de Rodrigues Lapa, puña arreite", no sentido da excitación sexual do protagonista da composición. "Hai outra cantiga de Fernando Esquío que se editaba do mesmo xeito, pero os manuscritos non puñan exactamente iso. Eu comecei a darlle voltas e vin que puña veite, que era unha palabra descoñecida. Pero vin que tiña que vir do latín vectis, que significa estaca. Do mesmo xeito, este era o significado orixinal de carallo, e vin que en textos latinos tardíos se emprega ese vecte como sinónimo de pene. Entón houbo que mudar a edición", que actualmente fica no primeiro dos casos a dicir "E aquel mouro trouxe con o veite / dous

companhões en toda esta guerra" e no segundo "Escaralhado nunca eu diría, / mais que trage ante caralho ou veite".

Edicións en papel

A nivel das edicións en papel que fan parte do *Universo*, o volume das cantigas de amor, cunha tiraxe inicial de 500 exemplares, está xa esgotado e o equipo prepara unha segunda edición, ao que se suma o recente lanzamento do dedicado ás cantigas de amigo. "Non son as novelas dun Premio Nobel, pero sospeito que todas as bibliotecas de universidades europeas, americanas e en xeral do mundo civilizado mércano. Tamén atopamos moitas persoas que o queren ler en España e sabémolo ben porque nos chegan moitas preguntas sobre o volume, hai xente moi interesada que o merca. En ningunha das líricas medievais existentes no noso ámbito, galega, provenzal, francesa e siciliana ou italiana existe un proxecto similar a este, que eu saiba. Entón hai moita xente de fóra que fica fascinada ao coñecelo". Para alén da propia edición dos textos, o proxecto deu pé a diferentes artigos que analizan aspectos concretos, tanto a nivel de lingua como de contidos, das cantigas. "Fixemos tamén coloquios especializados sobre cada un dos xéneros", que tamén deron pé aos respectivos volumes de estudos.

Futuro para as cantigas

Falta aínda consolidar o impacto desta iniciativa a nivel internacional e "que as persoas que investigan deixen de traballar a citar as mesmas fontes de sempre" e incorporen este traballo ás súas referencias. De cara a facilitar ese desenvolvemento, Ferreiro adianta a posta en marcha de novas ferramentas para traballar con este conxunto. O UCollatio, que permite comparar diferentes versións de textos en paralelo, un sistema que facilita subir ficheiros deste tipo e confrontalos, ou publicación de materiais complementarios de carácter histórico son algunhas das propostas por completar. "É un proxecto amplo e ambicioso que ten a intención de que toda a comunidade investigadora e as persoas minimamente interesadas teñan acceso ao noso monumento literario nacional e que, mesmo desde o ámbito do ensino, comece a ser empregado como fonte xeral para coñecer o texto das nosas cantigas". De cara ao futuro "hai que pensar en novas fases, os nosos textos poéticos medievais non acaban no profano. Tamén se pode traballar a explotación didáctica do material. Hai moitas vías para seguir a sachar nesta leira". Unha leira que ten xa máis de 800 anos e que segue a dar froitos.